

PLAN DIXITAL

IES Santiago Basanta Silva

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro

IES Santiago Basanta Silva

Dirección

Rúa do Estudiante, S/N

Correo electrónico

ies.basanta.silva@edu.xunta.gal

Páxina web

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbasantasilva/>

Ensinanzas que oferta o centro

O centro oferta as ensinanzas da ESO e Bacharelato, nas modalidades Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e CC.Sociais.

Profesorado

O IES Santiago Basanta Silva para o curso 2022/2023 cun cadro de persoal de 52 docentes con distintos perfís para os diversos tipos de ensinanza.

O equipo directivo está formado por 4 persoas coa composición: directora, vicedirector, secretario e a xefa de estudos.

Dende a dirección do centro asígnase unha profesora para a dinamización da biblioteca e tamén profesorado na función de equipo de biblioteca; un profesor como responsable Abalar e como responsable da Dinamizacións das TICs, unha profesora como coordinadora da Sección Bilingüe.

Características singulares:

O IES consta con 5 edificios, tres de aulas, un polideportivo e un ximnasio; asemade consta con dúas pistas de deportes e un patio cuberto. Os edificios de aulas acollen os seguintes espazos:

- 44 aulas: 13 no edificio A, 14 no edificio B e 17 no edificio D.
- 2 aulas de Educación Plástica e Visual.
- 2 aulas de Música.
- 4 aulas de Informática.
- 1 aula de Audición e Linguaxe.
- 2 aulas de Pedagogía Terapéutica
- 1 aula de idiomas
- 4 Laboratorios: 2 de Física, 1 de Química e 1 de Ciencias Naturais.

- 1 Salón de Actos.
- 1 Biblioteca.
- Sala de Profesores.
- 3 Talleres de Tecnoloxía.
- 10 Departamentos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O IES Santiago Basanta Silva está na vila de Vilalba, capital da comarca da Terra Chá. A poboación de dereito dos concellos aos que atende este IES son os de Abadín, Muras, Xermade e Vilalba.

En todos os concellos a poboación presenta nas últimas décadas unha evolución demográfica negativa, froito da emigración e do descenso da natalidade. Isto ten como consecuencia o envellecemento da poboación.

En relación coa actividade económica da poboación activa ocupada hai que salientar o evidente peso da agricultura da poboación activa ocupada. Soamente no concello de Vilalba predomina lixeiramente o sector servizos, polo elevado desenvolvemento relativo do seu casco urbano, que actúa como centro de servizos -sanitarios, deportivos, culturais, educativos e de ocio- de relevo comarcal.

A zona posúe unha boa infraestrutura cultural e de ocio, fundamentalmente concentrada en Vilalba: Auditorio, Museo de Prehistoria, Casa da Cultura, Biblioteca Municipal,...

O Centro caracterízase principalmente por acoller a alumnado procedente dos núcleos rural e urbano. Ten, polo tanto, os servizos de transporte e comedor escolares. Isto dificulta dalgunha maneira a realización de actividades extraescolares e complementarias. Hai que ter en conta, ademais, o enorme esforzo que supón, ás veces, este feito para o alumnado do medio rural, sobre todo para o máis afastado, no que atinxe ao horario que debe seguir para poder utilizar o transporte e en detrimento asemade do seu tempo de lecer.

Este alumnado cursou maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos. A súa formación é xeralmente axeitada, aínda que se perciben algunhas carencias específicas de base académica, especialmente en materias fundamentais como as linguas e as matemáticas, tamén se producen algúns casos de problemas de conduta e dificultades de convivencia. Ademais, incorpórase habitualmente alumnado de educación especial con necesidades de adaptacións curriculares, reforzos e apoio educativo. A lingua de comunicación do alumnado, en coherencia co entorno rural, é o galego.

Un dato a ter moi en conta é que existe unha porcentaxe cada vez máis significativa de alumnado procedente de familias inmigrantes, que ademais dalgunhas carencias básicas deben ser integrados mediante programas de adquisición de linguas para incorporalos ao proceso educativo.

Centros adscritos

- CEIP Aquilino Iglesias Alvariño.- Abadín
- CEIP Muras.- Muras.
- CEIP Monseivane – Moreda.- Vilalba.
- CEIP Terra Chá – Román.- Vilalba.
- O CEIP A. Insua Bermúdez.- Vilalba.
- CEIP Manuel Mato Vizoso.- Vilalba.
- CEIP Xermade.- Xermade.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

Este PD unha vez aprobado polo claustro e polo Consello Escolar será incardinado no PE do noso centro como obxectivo a conseguir nos vindeiros cursos, coas súas correspondentes actualizacións, promovendo accións para o seu desenvolvemento. Ao mesmo tempo o PD contribúe ao noso PE a responder ás demandas que a sociedade actual presenta con respecto ao entorno dixital.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O PD contribuirá plenamente ao desenvolvemento do Plan de difusión nas TIC e de posicionamento na rede, que é un dos que consta a noso plan anual, ao igual que ao plan de optimización de resultados académicos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este PD lévase a cabo tendo en conta a lexislación vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Plan elaborado polo grupo de traballo creado ao inicio do curso escolar 2021/22 e formado polo profesorado que voluntariamente decidiu participar no mesmo, unha vez informado o claustro. O grupo está formado polo equipo directivo e dúas profesoras do centro.

O traballo desenvolvido realizouse conforme ao guión establecido coas indicacións e supervisión do Grupo Adix durante o curso 2021/22, rematando a súa elaboración en xuño de 2022.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital do centro:
 - Mala conectividade na infraestrutura de datos, con fallos reiterativos de conexión, tanto nas conexións cableadas coma sen fíos. Conexións relativamente lentas.
 - Wifi: Insuficiente cobertura da rede edu.xunta.es. Solicitada ampliación.

- Abalar: Moi lenta. Videoconferencias imposibles con este equipamento.
- Conexión de voz en bo estado de funcionamento.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 - Aulas dixitalizadas: 1 aula de referencia por grupo e 7 aulas máis. Equipos en xeral en mal estado por idade e moito uso. Conectores nas aulas en estado moi precario.
 - Proxecto E-Dixgal: non adscritos por decisión do claustro.
 - Equipos de xestión e administración: 3 equipos de administrativos e 4 de equipo directivo.
 - Uso na biblioteca: 1 pantalla táctil, 2 ordenadores de xestión e 4 ordenadores a disposición do alumnado e 6 l pads.
 - Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: 5 ordenadores na sala de profesores e 1 ordenador por departamento ou agrupación de departamentos (naqueles casos de departamentos que comparten despacho).
 - Equipos ultraportátiles para aula móbil: 10 carros Abalar. En moi mal estado ou inutilizables gran parte dos ultraportátiles.
 - Aulas de informática: 4 aulas de informática. Equipos moi vellos máis do 80% dos ordenadores teñen máis de 10 anos.
 - Dotacións para proxectos específicos: 1 ordenador para o proxecto EduExchanges.
- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente:
 - Páxina web do centro: Operativa
 - Aula virtual: Operativa e uso estendido entre o profesorado e o alumnado.
 - Abalarmóbil: Uso xeneralizado por tódalas familias.
 - EspazoAbalar: Uso xeneralizado para a comunicación titor/a-profesor/a e titor/a-familias.
 - Aqueiro: Non se usa.
 - Edixgal: Non operativo.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: 1 responsable no centro, que resulta insuficiente e mantemento condicionado á UAC.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: Protocolos accesibles dende a páxina web do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.5	3.2		
	Profesorado		2.7	2.7		
	Alumnado					

B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3	2.7		
	Profesorado		2.6	2.4		
	Alumnado		2.8	2.5		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.5	3.5		
	Profesorado		3	3		
	Alumnado		3.2	2.9		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3.7	3.8		
	Profesorado		3	2.9		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4.1	4		
	Profesorado		4	4		
	Alumnado		3.7	3.8		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.3	3.3		
	Profesorado		3.3	3.3		
	Alumnado		2.9	2.8		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.4	3.2		
	Profesorado		2.8	2.9		
	Alumnado		2.4	2.4		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.3	3.4		
	Profesorado		3	3		
	Alumnado		2.8	2.7		

Test CDD: .

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	37	40	92,5%
PROVISIONAL (PERMUTA)	10	11	90,9%
INTERINO	6	6	100%
SUBSTITUTO	5	8	62,5%
LABORAL INDEFINIDO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	75,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	75,5	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>1,7%</u>
A2	<u>25</u>	<u>42,4%</u>
B1	<u>22</u>	<u>37,3%</u>
B2	<u>9</u>	<u>15,3%</u>
C1	<u>1</u>	<u>1,7%</u>
C2	<u>1</u>	<u>1,7%</u>
TOTAL	<u>59</u>	<u>100,1 %</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Boa dotación cuantitativa de equipos informáticos para a implementación do uso das TIC en tódalas aulas e dependencias do centro. Instalacións/aulas en cantidade suficiente e posibilidade de ampliación ao dispor de catro aulas específicas de informática e algunha dependencia sen uso que se podería habilitar para o seu uso. 	<ol style="list-style-type: none"> Equipos informáticos con bastante antigüidade e a veces en mal estado de mantemento ou funcionamento.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Bo nivel competencial e uso normalizado de ferramentas informáticas de uso cotiá como aula virtual, Abalar, XADE, ... Elaboración e emprego de recursos educativos dixitais en aumento. Emprego de medios dixitais na comunicación coa comunidade educativa (correo electrónico e Abalar). 	<ol style="list-style-type: none"> Emprego masivo de métodos tradicionais de avaliación. Falta de formación do profesorado para introducir prácticas de avaliación por medios dixitais. Pouco ou nulo traballo interdisciplinar no centro.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Persoal de administración con bo nivel de competencias no traballo con ferramentas e programas informáticos. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de formación no uso de equipos e aplicacións informáticas básicas por parte de algúns PAS.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Alumnado familiarizado co uso de diferentes dispositivos dixitais: teléfonos, tablets, ordenadores,... Acceso a dispositivos con conexión a internet nos seus fogares bastante estendida entre o alumnado do centro Acceso a recursos dixitais en liña (aula virtual) por 	<ol style="list-style-type: none"> Visión negativa do alumnado da súa propia competencia dixital. Pouco destreza no emprego de certas ferramentas dixitais. Falta de formación no uso correcto da información (busca, dereitos de autor, emprego de fontes fiables,...)

		parte da totalidade do alumnado do centro.	4. Unha pequena parte do alumnado non ten ordenador e/ou acceso a internet no seu fogar. 5. Maltrato esporádico do material informático.
FAMILIAS		1. Dixitalización dos fogares moi estendida entre as familias da nosa comunidade educativa. 2. Boa implantación da comunicación coas familias de forma dixital a través de Abalar.	1. Diferente capacidade das familias para a dixitalización do fogar.
OFERTA		Amplia oferta educativa dende o centro relacionada coas TIC.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		1. Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do uso das TIC e da realización dun Plan Dixital realista, práctico e específico para o noso centro e a súa realidade.	1. Pouco tempo no horario do profesorado para adicar especificamente a tarefas relacionadas coa implantación das TIC. 2. Tarefas de mantemento e apoio ao profesorado no centro centralizada nunha única persoa, que moitas veces non da atendido coa presión que se precisaría o excesivo traballo que se xera. 3. Elevada ratio de alumnado por aula.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Impulso que se lle quere dar ao desenvolvemento das TIC dende a Consellería. 2. Limitación das ferramentas dixitais aportadas pola administración. 3. Posibilidade cada vez maior do profesorado para acceder á formación dixital ofertada pola Consellería. 4. Fonte de subministro de novo equipamento, tarefas de mantemento, etc.	1. Falta de fondos específicos pola dependencia da Consellería para a adquisición, reposición, mantemento, etc. de equipos e materiais informáticos. 2. Discriminación á hora de reposición ou mantemento de equipos informáticos por non pertencer o centro ao proxecto EdixGal. 3. Capacidade da liña telefónica e de fibra óptica condicionada ao contratado pola Consellería, sen posibilidade de mellora por parte do centro. 4. Dependencia da UAC e AMTEGA para moitas tarefas de mantemento e asistencia técnica, o que implica unha resolución de incidencias lenta e pouco operativa. 5. Excesiva dedicación por parte do profesorado a tarefas burocráticas, que restan tempo para adicar á implantación de metodoloxías relacionadas coa implantación e uso das TIC.
	LEXISLACIÓN		1. Constantes cambios na lexislación educativa, o que fai preciso un cambio constante en tódolos procedementos e tarefas docentes, o que resta tempo ao profesorado para labores relacionadas coas TIC como actualización, preparación de materiais, etc. 2. Incapacidade de xestionar de forma directa a compra, reposición, mantemento de equipos informáticos necesarios para o bo funcionamento dos equipos informáticos das aulas.
	CONTORNA	1. Non existen máis centros educativos do mesmo nivel educativo na contorna. 2. Dixitalización dos fogares moi estendida nos fogares da nosa comunidade educativa. 3. Colaboración con outros centros educativos da contorna con máis recursos en materia de informática.	1. Mala ou nula conexión a internet ou acceso a dispositivos dixitais nalgúnhas zonas rurais ou nalgúnha familia.
	ANPA		ANPA non operativa neste momento.

OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Existencia de empresas locais que poden aportar soporte para determinadas tarefas de mantemento de equipos informáticos, resolución de problemas técnicos, etc. de forma máis rápida que as aportadas pola Administración educativa.</p>	<p>1. Conexión a internet no centro de baixa calidade e pouco fiable.</p>
-------------------------	--	---

Plan de Acción

2.4. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de traballo seguida para a elaboración do Plan de Acción foi:

- Análise individualizado do SELFIE por parte dos membros do grupo de traballo.
- Envío ao claustro do SELFIE e apertura dun prazo para a recepción de suxestións.
- Reunión do grupo de traballo para a análise, concreción e posta en común dos datos.
- Elaboración da primeira versión do Plan de Acción: Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que se detallan máis adiante.

2.5. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades:

- Necesidades de mellora e modernización dos equipamentos existentes (tanto de aulas como de administración e xestión).
- Dotación de equipamento para novas aulas de informática con capacidade para máis alumnado.
- Mellora e modernización da infraestruturas tendo en conta a tipoloxía do centro, con 5 edificacións diferentes.
- Dotación dunha boa infraestruturas e equipamento dixital (ordenador, proxector, altafalantes, ...) para o salón de actos.
- Dotación de un ordenador por departamento didáctico.

A xustificación de todas estas peticións obedece ás seguintes cuestións:

- Equipamento actual obsoleto.
- Parte do equipamento actual cedido por outros centros da contorna que teñen ciclos formativos e ceden o material que vai quedando obsoleto para eles.
- As aulas de informática actuais non permiten o traballo con grupos numerosos (máxima capacidade de 20 alumnos/as traballando cun ordenador por alumno/a).
- Dous edificios sen acceso a internet (pavillón polideportivo e ximnasio) por cable e múltiples espazos sen acceso a rede sen fíos.
- Salón de actos aberto a toda a comunidade, pero que presenta deficiencias a nivel audiovisual en moitas ocasións, o que fai que ás veces non sexa posible desenvolver as actividades previstas (conferencias, reunións, clases, xornadas de acollida ás familias, festivais, obras de teatro, concertos, ...).
- Existencia de departamentos que teñen que compartir un mesmo ordenador, o que dificulta o traballo a facer polo profesorado e polos/as xefes/as de departamento.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”		A. LIDERADO					
OBXECTIVO (1)	<ul style="list-style-type: none"> Organizar actividades formativas e fomentar a participación para a aplicación práctica dos modelos teóricos de desenvolvemento profesional sobre ou a través das tecnoloxías dixitais. 						Acadado
Responsable	Equipo dinamización TIC encabezado persoa coordinadora.						Non acadado
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Participación dun mínimo do 50% do profesorado do claustro.						
Valor de partida (3)	Inexistencia de plan de formación continua (PFPP)						
Valor previsto (4)	Creación dun PFPP en base ás necesidades do centro					Data (4)	Finais Maio 2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións			
				Valoracións das accións (9)			Estado (10)
AO1.1: Fixar as necesidades prioritarias de formación docente do profesorado do centro.	Equipo TIC e Equipo Dirección	Setembro 2023	Claustro	Equipo creado			Realizada
							Aprazada
							Pendente
AO1.2:	Persoa	15 de outubro 2022	Claustro	Formación realizada			Realizada

Solicitar o plan de formación ao CEFORE segundo as prioridades detectadas.	coordinadora TIC			Número de profesores coa programación			Aprazada
							Pendente
A01.3: Desenvolver a formación no PFPP.	Equipo Dirección	Nadal 2022	Claustro	Participación do 50% do Claustro			Realizada
	Persoa coordinadora		Servizo formación profesorado (CEFORE)				Aprazada
	PFPP						Pendente

“Área/s de mellora		C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS					
OBXECTIVO (1)	C2 Dispositivos dixitais para a ensinanza					Acadado	
						Non acadado	
Responsable	C2 Equipo Dirección e Coordinador TIC						
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	C2 Dotar todas as aulas do centro de paneis dixitais						
Valor de partida (3)	C2 Equipos de aula obsoletos						
Valor previsto (4)	C2 100% de aulas (40 equipos)				Data (4)	Remate curso 2023/2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións			
				Valoracións das accións (9)		Estado (10)	
AO1.1 Elaborar un informe de necesidades exhaustivo	Equipo Directivo e Coordinador TIC	Inicio de curso 2022/2023		Informe		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2 Enviar a solicitude de equipamento segundo os datos	Dirección do centro	1 de novembro		Rexistro de solicitude		Realizada	
						Aprazada	

do informe.										Pendente

“Área/s de mellora”	C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS									
OBXECTIVO (1)	C5: Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro.									Acadado
										Non acadado
Responsable	Equipo Directivo e Coordinador TIC									
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Existencia dunha segunda persoa ou empresa de apoio técnico									
Valor de partida (3)	Non existe asistencia técnica suficiente, só unha persoa									
Valor previsto (4)	mínimo dous responsables do soporte técnico								Data (4)	Remate curso 2022-2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER										
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións						
				Valoracións das accións (9)						Estado (10)
AO1.1: Reorganizar horarios con dispoñibilidade de horario suficiente para o coordinador TIC e a segunda persoa	Equipo directivo e Coordinador TIC	Setembro-outubro 2022	Segundo responsable de asistencia técnica	Nomeamento do segundo responsable con liberación horaria.						Realizada
										Aprazada
										Pendente

responsable						
A01.2: Organizar formación específica técnica para os coordinadores TIC	Coordinador TIC e Equipo directivo	1º trimestre	CAFI ou CEFORE	Formación realizada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaborar un rexistro de incidencias TIC	Coordinador TIC	Semanal	Persoa coordinadora	Documento que reflicta as resolucións das incidencias técnicas realizadas pola coordinadora	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”		C: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS			
OBXECTIVO (1)	C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Equipo Directivo e Coordinador TIC				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Dotar todas as aulas de TIC existentes de novos equipos e ampliación das aulas existentes con equipamento				
Valor de partida (3)	Equipos informáticos das aulas obsoletos				
Valor previsto (4)	100% de equipamento			Data (4)	Remate curso 2023/2024
ACCÍONS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	Estado (10)
				Valoracións das accións (9)	
AO1.1 Elaborar un informe de necesidades exhaustivo	Equipo Directivo e Coordinador TIC	Inicio de curso 2022/2023		Informe	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2 Enviar a solicitude de	Dirección do	1 de novembro		Rexistro de solicitude	Realizada

equipamento segundo os datos do informe.	centro				Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaborar un protocolo de uso das aulas TICs para todo o profesorado e alumnado	Coordinador TIC	Inicio de curso 2022/23	Coordinador TIC e Grupo colaborativo de docentes.	Documento creado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4 Difusión do protocolo ao profesorado e ao alumnado	Persoa coordinadora TIC	Inicio de curso 2022/23	Espazo web e correo electrónico	Publicación do protocolo		

Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- Ao finalizar cada trimestre o/a coordinador/a TIC xunto co equipo encargado da dinamización do Plan Dixital realizará unha avaliación do desenvolvemento do plan. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Ao finalizar cada curso escolar o equipo directivo realizará unha avaliación final do desenvolvemento en base ás valoracións trimestrais anteriormente citadas. Esta valoración incluirá o grao de logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

3. Difusión do plan

O presente plan será enviado por correo electrónico ao profesorado do centro ao inicio de cada curso escolar. Tamén estará dispoñible para o resto da comunidade educativa a través da páxina web do centro.